



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 2

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 29663 / RX 3013850

Data 21/11/2016 10:48:13



Sra. Directora Xeral de Conservación da
Natureza
Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que SGHN ten amosado reiteradamente a súa preocupación pola seguridade para todas as persoas, cazadoras ou non, durante o exercicio da caza:
 - a. 14-12-2004: Escritos á Consellería de Medio Ambiente solicitando que:
 - Ao igual que para os cazadores, subvencione seguros e distribúa gratuitamente chalecos de alta visibilidade entre tódolos colectivos de cidadáns que adican parte do seu tempo de lecer a actividades na natureza: sendeirismo, montañismo, recollida de cogomelos e froitos silvestres, pesca, observación de fauna e flora, fotografía da natureza, ciclismo de montaña, etc.
 - Estableza controles obrigatorios de alcoholemia, ou consumo doutras drogas, para os cazadores, pola enorme perigosidade que conleva o consumo de alcohol ou drogas combinado co emprego de armas de fogo.
 - b. 14-01-2013, escritos á Dirección Xeral de Conservación da Natureza e a Garda Civil solicitando información sobre o número de controis de alcoolemia e drogas feitos a cazadores dende a entrada en vigor da Lei 6/2006 de modificación da Lei de caza de Galicia.
 - c. 18-11-2013, escrito ao Presidente da Xunta de Galicia solicitando que:
 - Se estableza a obrigatoriedade inmediata de sinalizar axeitadamente a realización de batidas con munición de bala en todos os camiños, pistas e estradas de acceso á zona onde se está levando a cabo.
 - Se comece a realizar de inmediato controis de alcoolemia ou sustancias psicotrópicas entre todos os cazadores.
 - Non se autorice a realización de batidas con munición de bala os días de maior afluencia de cidadáns aos montes: festivos e fins de semana.
2. Que, lamentablemente, os graves accidentes de caza continúan a producirse en Galicia e afectan non só a cazadores senón tamén a cidadáns que simplemente "pasaban por alí". Como xa salientou SGHN na devandita petición do 18-11-2013, estes feitos son consecuencia de que os lugares onde se realizan batidas de caza maior empregando munición de bala non están axeitadamente sinalizados e calquera cidadán pódese poñer en liña de fogo inadvertidamente.
3. Que en moitas probas deportivas (por ex. carreiras pedestres ou ciclistas, rallies, etc.) é habitual o despliegue de medidas de seguridade: anuncios en medios de comunicación, páxinas web e redes sociais, valados, sinais, corte da circulación en rúas e estradas e presenza de protección civil, policía local ou garda civil que advirten aos cidadáns da súa celebración. Por iso resulta de todo punto incomprensible



que non se obrigue a sinalizar a realización de actividades moito máis perigosas como as batidas con munición de bala en todos os camiños, pistas e estradas de acceso á zona onde se está levando a cabo.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que, con carácter inmediato, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza:

1. Con alomenos 15 días de antelación, anuncie na súa páxina web cada batida que se autorice, indicando a data, o horario e a delimitación exacta da superficie para a que se concede o permiso.
2. Estableza a obrigatoriedade de sinalizar axeitadamente a realización de batidas con munición de bala en todos os camiños, pistas e estradas de acceso á zona onde se está levando a cabo, e que se mobilice á gardería de medio ambiente e a Protección Civil para controlar ditos accesos e así garantir a seguridade das persoas.
3. Comece a realizar controis de alcoolemia ou sustancias psicotrópicas entre todos os cazadores.
4. Non autorice a realización de batidas con munición de bala os días de maior afluencia de cidadáns aos montes: festivos e fins de semana.

En Santiago de Compostela a 21 de novembro de 2016

Serafín González Prieto

Presidente da SGHN